
R.R. do 12 de marzo de 2021 pola que se publica a relación de premios concedidos na III Edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo

Por R.R. do 2 de novembro de 2020 convocouse a III Edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo.

Despois da actuación da comisión prevista na base quinta da dita convocatoria, e conforme á proposta de premios realizada pola mesma, segundo dispón a base sexta,

Esta Reitoría **RESOLVE**:

Primeiro.- Publicar a relación de premios concedidos na III Edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo (ver Anexo).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 12 de marzo de 2021
O reitor

Anexo.- Premios concedidos na III Edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga da Universidade de Vigo

Modalidade A, Premio ao TFG/TFM máis destacado

Premio: Traballo fin de mestrado “Materiais prehistóricos de A Ceada das Chas/Castelo de Lobarzán: unha aproximación dende o conxunto cerámico e os seus patróns decorativos”

Autora: Lucía Rodríguez Álvarez

Modalidade B, Premios de investigación á teses de doutoramento

Premio: Tese de doutoramento “Microwave hydrodiffusion and gravity (MHG)-Extraction and characterization of compounds with antioxidant properties”

Autora: Lucía López Hortas

Modalidade C, Premio de investigación á mellor contribución científica

Premio: “La protección penal del agua como recurso natural. Una valoración crítica de las diferencias entre España y Portugal”

Autor: Virxilio Rodríguez Vázquez

Accésit: “Significant increase of global anomalous moisture uptake feeding landfalling Atmospheric Rivers”

Autor: Iago Algarra Cajide